



**DECRETO 156/1982, DO 15 DE DECEMBRO, SOBRE ASUNCIÓN DE TRANSFERENCIAS EN  
MATERIA DE ESTRADAS E A SÚA ASIGNACIÓN Á CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO  
TERRITORIO E OBRAS PÚBLICAS**

Polo Real Decreto 3317/1982, do 24 de xullo (Boletín Oficial do Estado do 4 de decembro), traspásanse funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de estradas.

Parece conveniente asumir de forma expresa tales competencias asignándoas aos órganos correspondentes da Administración Galega, e validar todos os actos administrativos ditados, tanto polo Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo, como pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

Na súa virtude, a proposta do Conselleiro da Presidencia, e previa deliberación da Xunta de Galicia na súa reunión do día quince de decembro de mil novecentos oitenta e dous, dispoño:

*Artigo 1º.*

Quedan asumidas as funcións e servizos traspasados pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de estradas, verificadas por Real Decreto 3317/1982, do 24 de xullo, cos seus correspondentes anexos e relacións.

*Artigo 2º.*

1. As competencias transferidas serán exercidas pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, salvo aquelas que estaban atribuídas ao Consello de Ministros que quedan asignadas á Xunta de Galicia como órgano colexiado de Goberno da Comunidade Autónoma.

2. Os órganos da Consellería exercerán as atribucións que lles corresponden conforme ás normas que regulan a estrutura.

*Disposición derradeira 1ª.*

O conselleiro da Presidencia, a iniciativa e proposta do Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, ditará cantas disposicións sexan necesarias en orde ao desenvolvemento e execución do presente decreto.

*Disposición derradeira 2ª.*

O conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas adoptará cantas medidas sexan precisas en orde á plena executividade das funcións e servizos traspasados.

*Disposición derradeira 3ª.*

Este decreto entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e terán efectividade e quedarán validados todos os actos administrativos ditados ata a súa data de publicación en materia de estradas.

Xerardo Fernández Albor

Presidente

Xosé Luís Barreiro Rivas

Conselleiro de Presidencia e Administración Pública